

En forma de enigma

Miguel Anxo Mouriño, c' *O reino ideal*, volve achegarse á literatura para adolescentes e pre-adolescentes, onde entrara por vez primeira coa obra titulada *Os arriscados*, e ademais de facelo cumprindo cunha serie de premisas case que fundamentais neste eido literario; tales como o protagonista desfavorecido por algún aspecto da vida, amigos e inimigos que aparecen na súa vida, a escolla dunha escola como o escenario principal e unha serie de aventuras increíbles que mesturan as máis das veces realidade e fantasía, faino tamén incidindo no carácter lúdico da escrita, algo polo que el xa se interesara no seu *Esconxuro*, e para isto nesta ocasión recupera a esquecida arte da enigmística e basea a trama do relato na resolución dos problemas en forma de enigma que se lle presentan á protagonista.

Así, Antía, unha rapaza de Santiago recién chegada a unha vila mariñeira, onde vai vivir coa súa nai logo da separación dos seus pais, vese na obriga de se adaptar a unha nova vida e a se achegar a novos amigos, cousa que no comezo non semella doada. Mais, sen querelo, pouco a pouco irá inseríndose na vida da aula grazas a un orixinal xogo de animación á lectura ideado pola profe Uxía, que porá de manifesto a agudeza de Antía e

Novela de aventuras



PAULA FERNÁNDEZ



lle valerá tamén para ser admitida polo resto dos compañeiros. Mais este interese pola enigmística tamén lle valerá poder axudar a Buli, bufo mascota da aula, e os seus amigos cando queren desterra-

los e substituílos por novas mascotas.

Desta maneira dous universos paralelos, un real e outro ficticio que, malia semellaren unidos durante todo o relato, rematan por ser claramente diferenciados até mesmo facer dudar da existencia do segundo grazas á introdución do xa recorrente recurso ao onírico. Un soño que agacha todo ese mundo impensable dentro do noso pero por outra banda un mundo onde o literario ten máis cabida, o único, se cadra, onde son entendibles as loitas baseadas en palíndromos, bifrontes ou enigmas puros.

Xa que logo, unha novela de aventuras que se torna útil como ferramenta de animación á lectura de maneira semellante a como o fixera no seu tempo *A historia interminable* que agora, grazas ao acceso xeralizado ás novas tecnoloxías, permite continuar a resolver enigmas mesmo despois da lectura do libro no blog creado polo propio autor, e que tal e como fixera a obra de Ende atrapa os lectores e mergúllaos neses mundos dicotómicos mais tan próximos o un do outro no que atinxe a comportamentos e sentimentos.

MOURIÑO, Miguel Anxo, *O reino ideal*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 209 páxinas.